

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 5 de novembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández (non asistiu).

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14.50 horas do día cinco de novembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1433).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1434).- PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS. EXPTE. 1585/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 23.10.2012, conformado polo asesor xurídico de Fomento e polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 2.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Modificar o presuposto do proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL para a “REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS”, cun orzamento base de licitación de DOUS MILLÓNS CENTO SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCOENTA EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS (2.178.250,25€) e aprobado inicialmente o 17 de outubro de 2012 por importe de 2.200.000 Euros.

2º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS”, ao amparo dos artigos 112 do TRLCSP a efectos de redución de prazos, e o artigo 144 do TRLCSP. A adxudicación do contrato quedará supeditada a compatibilidade dos usos deste proxecto os previstos no PXOM, así como adecuación a normativa sectorial de aplicación no ámbito desta actuación.

3º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos , con data 19 de outubro de 2012 para á “REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexirá a licitación redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 22 de outubro de 2012.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 395.248,14 Euros, máis o 21% (83.002,11Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe total de 478.250,25Euros (catrocentos setenta e oito mil douscentos cincoenta euros con vinte cinco céntimos) con cargo a partida orzamentaria 4310.632.00.00 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 850.000 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2013.

Autorizar o gasto por importe de 850.000 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2014.

O incumprimento do anterior compromiso de gasto para futuros exercicios será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2013) nun 39,02 %, e para a terceira anualidade (2014) nun 39,02 %.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

3(1435).- PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL DA AA.VV. DA PRAZA DA MIÑOCA”. EXPTE. 1587/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 23.10.2012, conformado polo asesor xurídico de Fomento e polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 2.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL DA AA.VV. DA PRAZA DA MIÑOCA”, ao amparo dos artigos ao amparo dos artigos 112 do TRLCSP a efectos de redución de prazos, e o artigo 144 do TRLCSP. A adxudicación do contrato quedará supeditada a compatibilidade dos usos deste proxecto os previstos no PXOM, segundo o acordo de cambio de uso característico da parcela, do 5 de outubro de 2012 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como a adecuación a normativa sectorial de aplicación no ámbito desta actuación.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos , con data 19 de outubro de 2012 para á “EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL DA AA.VV. DA PRAZA DA MIÑOCA”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 22 de outubro de 2012.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 239.249,18 Euros, máis o 21% (50.242,33 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 289.491,51 Euros (douscentos oitenta e nove mil catrocentos noventa e un euros con cincuenta e un céntimos) con cargo a partida orzamentaria 9240.622.00.00do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 350.000 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2013. Autorizar o gasto por importe de 235.612,72 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2014.

O incumprimento do anterior compromiso de gasto para futuros exercicios será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2013) nun 40%, e para a terceira anualidade (2014) nun 23,92%.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

4(1436).- PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RESTAURACIÓN DA PRAZA DO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS”. EXPTE. 1590/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 23.10.2012, conformado polo asesor xurídico de Fomento e polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 2.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de **“RESTAURACIÓN DA PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS ”**, ao amparo dos artigos 112 do TRLCSP de cara a redución de prazos, e o artigo 144 do TRLCSP. A adxudicación do contrato quedará supeditada a compatibilidade dos usos deste proxecto os previstos na normativa sectorial de aplicación no ámbito desta actuación.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos , con data 22 de outubro de 2012 para á **“RESTAURACIÓN DA PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS ”**.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexerá a licitación redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 22 de outubro de 2012.

4º.- Autorizar o gasto por importe de 242,059,48 Euros, máis o 21% (50.832,49 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 292.891,97 Euros (douscentos noventa e dous mil oitocentos noventa e un euros con noventa e sete céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.22 do orzamento municipal vixente.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

5(1437).- CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMIENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URXENTE DAS OBRAS DE MANTENIMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ACTUAL CIRCUÍTO DE ADESTRAMENTO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 11616/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 26.10.2012, e co informe da técnico de

Fiscalización e Control Financeiro, do 2.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “das obras de mantemento e consolidación do actual circuíto de adestramento no parque de Castrelos”, ao amparo do artigo 112 do TRLCSP e a os efectos de redución de prazos, así como o disposto no artigo 144 do TRLCSP. A adxudicación do contrato quedará supeditada a aprobación definitiva das autorizacións correspondentes a normativa sectorial vinculante coa actuación desta obra no parque de Castrelos.

2º.- Aprobar o prego de prescricións administrativas particulares que rexerá a licitación do presente contrato de obra polo procedemento aberto, redactado polo xefe da Oficina Administrativa de Contratación con data 29 de outubro de 2012

3º.- Autorizar o gasto polo importe de 119.405,92 Euros, máis o 21 % (25.075,24 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 144.481,16 Euros, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3410.619.00.03 do orzamento municipal vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e de acordo co presente expediente de contratación

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14.55 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.